

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE XULLO DE 2005

1.- Solicitudes de licencias de obras.

Favorables.-

1372/05.- Xunta (Cons. Educación e Ordenación Universitaria).- Remodelación patio cuberto, redistribución de espacios administrativos, impermeabilización da pista polideportiva descuberta e ventilación do polideportivo cuberto no CEIP na Cardenal Quiroga Palacios", en Villadía núm.33-35.

1137/05.- Santiago Codesido Barreiro.- Modificacións executadas na obra de construción de viv. unif. en Silvouta, Roxos.

1439/05.- Hotel Obradoiro, S.A.- Legaliz. modificacións executadas no edificio adicado a Hotel de 5 estrelas na Finca do Doutor Lois no PERI-10.

3.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico

Acórdase a aprobación inicial de tres subvencións para rehabilitación de vivendas do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 22.454,20 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Carmen Platas Sánchez	R/ Altamira 16-1º Esq.	6.240,00
Carmen Platas Sánchez	R/ Altamira, 16-1º Drta	6.480,00
Juan José García Barreiro	R/ Carme de Abaixo, 1 / 2	29.734,20

4.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á toma de coñecemento da aprobación do Convenio coa Deputación da Coruña para o financiamento do proxecto "Santiago de Compostela Convention Bureau".

Dase conta á Xunta de Goberno da aprobación do convenio coa Deputación da Coruña para o financiamento do proxecto "Santiago de Compostela Convention Bureau".

8.- Aprobación de proxecto polo que se modifica o regulamento municipal de seguridade para a protección de datos de carácter persoal.

10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa ó Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Clube A. Lobelle de Santiago.

Acórdase aprobar o devandito convenio que contempla unha aportación municipal de 150.000 euros como axuda para os gastos que compartan a dita entidade a súa participación na División de Honra da Liga Nacional de fútbol sala.

11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa a aprobación de Convenio para utilización dun local no Estadio de San Lázaro, pola Fundación Compostela Deporte.

Acórdase aprobar o devandito convenio no que se outorga á Fundación Compostela Deporte a utilización dun local duns 210 metros cadrados de superficie na ala sur-leste da planta primeira do Estadio municipal de San Lázaro

12.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa a normas de uso dos locais de ensaio para a mocidade dos baixos do estadio de San Lázaro.

En relación coa baixos habilitados no ano 2003 no estadio municipal de San Lázaro como locais de ensaio para a mocidade acórdase a aprobación das normas para a súa utilización.

13.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa a subvención ó Bacharelato Internacional do I.E.S. Rosalía de Castro. Curso 2004-2005.

Acórdase aprobar o convenio de colaboración que inclúe unha subvención por importe de 13.042 euros para o desenvolvemento do Bacharelato Internacional que organiza o Instituto Rosalía de Castro

14.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa a aprobación das bases da convocatoria de subvencións destinadas a fomento de actividades educativas para a mocidade de carácter puntual. ano 2005.

Acórdase a aprobación das devanditas bases así como un orzamento de 40.000 euros adicados a tal fin.

16.- Proposta da Concelleira Delegada de Emigración-Inmigración relativa a organización do programa de actividades "Romaneses connosco".

Acórdase aprobar un orzamento de 11.928,97 euros para o desenvolvemento do programa de actividades "Romaneses connosco" os próximos días 29 e 30 de xullo en colaboración coa asociación "Punte Cultural Rumano-Galego".

18.- Proposta do Concelleiro de Política Lingüística relativa a solicitude á Xunta de Galicia dunha subvención (Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local de 11 de xullo 2005).

Acórdase solicitar da Xunta de Galicia unha subvención por importe de 44.000 euros destinados á contratación dun técnico de normalización.

20.- Revisión de prezos do contrato de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal.

Acórdase a devandita revisión de prezos coa empresa concesionaria do servizo, Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago S.L. en virtude do incremento do I.P.C. O novo canon a partir de xullo de 2005 será de 110.317,00 euros/ano ou 9.193,08 euros/mes

21.- Adxudicación das obras incluídas no proxecto básico e de execución de accesibilidade e supresión de barreiras en Santiago de Compostela (Convenio 2004-2005).

Acórdase adxudicar as obras incluídas no proxecto básico e de execución de accesibilidade e supresión de barreiras en Santiago de Compostela (Convenio 2004-2005) á UTE Construcciones en Piedra Sigras-Reycons S.L. polo importe de 237.000 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis ventaxosa das presentadas.

22.- Adxudicación das obras incluídas no proxecto de adecuación e ordenación para o uso público e parque infantil da Colexiata de Sar.

Acórdase adxudicar as obras incluídas no proxecto de adecuación e ordenación para o uso público e parque infantil da Colexiata de Sar á empresa Construcciones en Piedra Sigras polo importe de 78.341,94 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis ventaxosa das presentadas.

23.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras incluídas no proxecto de actuacións puntuais en Pelamios-Morón.

Acórdase adxudicar as obras incluídas no proxecto de actuacións puntuais en Pelamios-Morón á empresa Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A. polo importe de 58.234 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis ventaxosa das presentadas.

24.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á prórroga do contrato de Prestación do servizo de Control, Vixiancia e Limpeza das instalacións deportivas municipais.

Acórdase a prórroga por un ano do contrato asinado con D. Raúl Armando Güimil para a prestación do servizo de control, vixiancia e limpeza das instalacións deportivas municipais, así como a actualización do prezo do contrato conforme á variación do I.P.C. correspondente

25.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á prórroga e revisión de IPC do contrato de Mantemento de instalacións de iluminación pública e instalacións eléctricas das dependencias municipais.

Considerando a próxima finalización o 29 de agosto de 2005 do contrato de mantemento de instalacións de iluminación pública e instalacións eléctricas das dependencias municipais asinado coa empresa Daviña S.L. acórdase a prórroga por un ano, así como a actualización do prezo do contrato conforme á variación do I.P.C. correspondente

26.- Adxudicación da asistencia técnica para a asistencia xurídica ó Concello.

Acórdase adxudicar a asistencia técnica para a asistencia xurídica ó Concello á UTE Roibas-González Concheiro que ofrece os máis favorables tramos de descontos sobre o baremo de honorarios dos Colexios de Avogados de Galicia.

27.- Adxudicación da Prestación do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación de Sinalización Horizontal e Vertical do termo municipal.

Acórdase adxudicar a prestación do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación de sinalización horizontal e vertical do termo municipal á empresa Aplicación de Pinturas API S.A. que ofrece a realización dos traballos cunha baixa do 18% respecto de cadro de prezos unitarios, resultando ser a oferta máis ventaxosa das presentadas.

28.- Proposta da Concelleira Delegada de Rexime interior relativa á adxudicación da Asistencia técnica para o asesoramento técnico en Prevención de Riscos Laborais para os traballadores do Concello de Santiago.

Acórdase adxudicar a devandita asistencia técnica á empresa Servicios Profesionales de Prevención (SERVIPRO S.L.) que ofrece a realización dos traballos polo prezo-tipos unitarios establecidos no prego, resultando ser a oferta máis ventaxosa das presentadas.

29.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de ampliación da rede de Saneamento na Corredoira dos Bois (San Lázaro).

Acórdase adxudicar as obras de ampliación da rede de Saneamento na Corredoira dos Bois (San Lázaro) á empresa Aquagest S.L. polo importe de 52.200 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis ventaxosa das presentadas.

30.- Proposta da Concelleira Delegada de Muller e Benestar Social relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación dunha asistencia técnica para a redacción do

proxecto básico e de execución de un edificio para a Concellería da Muller e Servicios Sociais.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do procedemento de contratación cun tipo de licitación de 30.050 euros (IVE incluído).

31.- Proposta da Concelleira Delegada de Parques e Xardíns relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do subministro e instalación de barandilla da entrada da Alameda por Porta Faxeira.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do procedemento de contratación cun tipo de licitación de 16.698,46 euros (IVE incluído).

35.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á adxudicación da asistencia técnica para a realización dun estudio da oferta de aloxamentos da Cidade de Santiago.

Acórdase a contratación dos servizos de CETUR da Universidade de Santiago de Compostela polo importe de 11.000 euros (IVE incluído) para a realización dun estudio da oferta de aloxamentos da cidade de Santiago.

38.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á adxudicación do servizo de Mantemento do céspede do campo de fútbol de Santa Isabel (desde o 19 de agosto de 2005 ata o 2 de febreiro de 2006).

Acórdase a devandita adxudicación á empresa CESPAS S.A. polo importe de 11.296,62 euros (IVE incluído).

39.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á adxudicación dunha asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución das obras de construción da Casa das Asociacións de Servizos Sociais.

Acórdase a devandita adxudicación á empresa TALIESEN Arquitectos S.A. polo importe de 12.000 euros (IVE incluído).

40.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación de obras varias de fontanería e calefacción nos centros de Educación Infantil e Primaria do Concello.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do procedemento para a contratación de obras varias de fontanería e calefacción nos centros de Educación Infantil e Primaria do Concello cun tipo de licitación de 51.934,90 euros (IVE incluído).

41.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación relativa á adxudicación do subministro e instalación, en réxime de leasing, de xogos infantís para o colexio público MONTE DOS POSTES.

Acórdase a devandita adxudicación á empresa Juegos Kompan S.A. polo importe de 24.671,12 euros (IVE incluído).

42.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación relativa á adxudicación do Subministro e instalación, en réxime de leasing, de xogos infantís para o colexio público APÓSTOLO SANTIAGO.

Acórdase a devandita adxudicación á empresa URLE S.L. polo importe de 22.467 euros (IVE incluído).

43.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación relativa á adxudicación do subministro e instalación, en réxime de leasing, de xogos infantís para o colexio público infantil de FONTIÑAS.

Acórdase a devandita adxudicación á empresa Lappset España VR S.L. polo importe de 21.286,88 euros (IVE incluído).

44.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa á aprobación das novas tarifas da dársena de autobuses de Xoan XXIII

Acórdase as seguintes novas tarifas:

Tarfa diaria....12 euros cun tempo limitado por operación de 15 minutos (igual que ata agora) e 10 minutos máis de cortesía para abandonar a superficie desde o pagamento no caixeiro automático. Para o caso das seguintes operacións no mesmo día disporán de 20 minutos desde a entrada á superficie para realizar a baixada ou recollida de viaxeiros.

Tarifa de 1 euro polos primeiros 15 minutos de exceso do tempo permitido para cada operación.

Tarifa de 1 euro por cada 5 minutos de exceso desde os 15 minutos ata a 2ª hora de exceso.

Tarifa de 2 euros polos por cada 5 minutos de exceso desde a 2ª hora e 5 minutos de exceso.

As tarifas entrarán en vigor a partir do 1 de outubro.

45.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á adxudicación da prestación do servizo de mantemento e reparación de vehículos municipais.

Acórdase a devandita adxudicación á empresa Brea Motor S.A. que ofrece a realización dos traballos conforme aos seguintes prezos:

-Reparación e mantemento...35 euros/hora/IVE incluído

-Lavado.....12 “ “